

## **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2017**

A Deputación de Pontevedra, consciente da importancia do movemento cooperativista e o asociacionismo para o desenvolvemento do sector agrogandeiro provincial, establece as axudas a cooperativas e entidades asociativas para financiar as melloras nos servizos prestados para o ano 2017 e que se rexerán por estas bases.

### **1. Obxecto.**

Constitúe o obxecto xeral destas bases definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión das subvencións económicas ás cooperativas da provincia de Pontevedra que outorgue a Deputación, segundo os principios de obxectividade e concorrencia competitiva.

Actuacións susceptibles de axuda:

As accións tendentes a apoiar ás entidades agrogandeiras en proxectos destinados á recuperación e posta en valor dos recursos agrarios endóxenos de carácter agrícola e gandeiro que teñan como obxecto:

- a) a comercialización e valorización das producións
- b) formación técnica e asesoramento para o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación tecnolóxica
- c) posta en uso das novas tecnoloxías, das enerxías renovables e do aforro enerxético
- d) investimentos para mellorar os servizos prestados pola cooperativa:
  - axudas para adquisición de fincas para o aumento da base territorial das instalacións cooperativistas
  - axudas a investimentos para maquinaria agrícola, obras, construcións, equipamentos, instalacións, reparacións en edificios e accesos os mesmos
  - axudas para adquisición de equipos e sistemas informáticos, mobiliario e calquera outros investimentos que sirvan para mellorar os servizos prestados polos beneficiarios aos seus socios.

As axudas para maquinaria agrícola non serán compatibles con outras axudas para o mesmo fin.

## **2. Financiamento**

Estas axudas convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 17/410.4120.789.00 que conta cun crédito total de cento cincuenta mil (150.000,00) euros.

A porcentaxe máxima subvencionable será do 50% do orzamento, sen prexuízo de que sexan compatibles con outras axudas recibidas para este por outros organismos e que en ningún caso a súa concorrencia supere o custo do investimento.

Coas seguintes limitacións:

Importe do orzamento de gastos da actividade: Máximo 75.000€

Importe da subvención: Mínimo 600€, máximo 35.000€

## **3. Exclusiones.**

Non serán obxecto de subvención nesta convocatoria as seguintes actividades:

- O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade (art. 31.8 LXS)
- Os gastos referidos a investimentos que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria.

## **4. Beneficiarios.**

Poderán solicitar estas axudas calquera cooperativa agrogandeira da provincia de Pontevedra, que debe reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituída
- b) Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.

Todas estas entidades teñen obrigatoriamente que ter como fin a prestación de servizos aos seus asociados.

## **5. Formulación de solicitudes e documentación.**

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral da Deputación ou no da súa sede de Vigo ou na páxina web da Deputación ([www.depo.es](http://www.depo.es)) e que serán publicados con estas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Achegarase a seguinte documentación:

- a) Solicitud asinada polo presidente/a da cooperativa ou representante legal e debidamente cuberta.
- b) Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal da cooperativa.
- c) Copia cotexada do DNI do representante legal ou da persoa que asina a solicitude e copia cotexada do acordo onde se lle otorga o poder para actuar.
- d) Copia cotexada dos estatutos da entidade.
- e) Memoria descritiva do investimento que se realizará, especificando as características técnicas dos equipamentos, obras, estudos técnicos e mobiliario, entre outros. Nas obras achegarase o seu orzamento técnico coas unidades de obra desagregadas e o seu prezo unitario.
- f) Orzamento asinado e detallado da actividade ou investimento a realizar.
- g) Declaración das axudas solicitadas e/ou obtidas a outras administracións públicas ou entidades privadas para esta finalidade e compromiso de lle comunicar á Deputación as que se soliciten e/ou obteñan nun futuro e a súa contía en relación ó orzamento total dos investimentos que se realizarán.
- h) Certificación orixinal dos datos bancarios ou ben copia cotexada a nome da entidade peticionaria.
- i) Resumo do balance anual de perdas e ganancias da cooperativa.
- j) Declaración do número de socios da cooperativa.
- k) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de cincuenta mil euros (50.000,00 €) no suposto de execución de obras, ou de dezaioito mil euros (18.000,00 €) no caso de subministracións de bens de equipo, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da axuda (art. 31.3 Lei 38/2003, xeral de subvencións). Esta situación deberase acreditar no expediente da subvención concedida.

- l) No caso de creación de postos de traballo (gasto non subvencionable, solo a efectos de valoración de solicitudes), declaración responsable do empregador na que figuren os datos dos novos empregados
- m) Certificación de estar ó corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e o xustificante de autorización de mora.
- n) Declaración asinada do presidente ou do representante legal da cooperativa de non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas, de acordo co establecido no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- o) Compromiso de realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, conforme ó disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- p) Compromiso de difundir o financiamento da Deputación e facela constar en todo tipo de información que realice no desenvolvemento da actividade subvencionada.

As entidades autorizan á institución provincial para que solicite a certificación de estar ó corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia (Atriga), e coa Seguridade Social.

Poderán denegar expresamente o consentimento, de acordo co establecido nos artigos 15.4 prf. 4, e 18. 1. q, da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación.

A documentación que se presente será orixinal ou copia compulsada.

En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base ou incumprimento do previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, requiriráselle ó interesado que emende as faltas no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, tras resolución previa, que deberá ser ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015.

Documentación específica por tipo de actuación:

- a) Para todas as actuacións:

- Memoria explicativa que conterá:

- Breve descrición do investimento que se vai realizar, que permitirá comprobar que é subvencionable nesta convocatoria.

- Calendario de realización do investimento ao longo do ano 2017

Adecuación da actividade ao interese xeral provincial

Nº de persoas beneficiadas directa ou indirectamente

Nº de postos de traballo que se crean, no seu caso

- Compromiso de manter a adscrición dos bens ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de bens inscribibles nun rexistro público, ou de dous anos para o resto de bens inventariables

b) No caso de realización de obras:

- Resumo do presuposto de execución por capítulos ou unha memoria valorada.

Na xustificación do gasto, de ser legalmente necesario, requirirase a achega do proxecto técnico.

- Acreditar a titularidade do ben sobre o que se vai realizar o investimento ou o acordo de cesión no seu caso.

- Compromiso de solicitar a licenza ou autorizacións preceptivas

- No caso de que as obras superen os 50.000 € achegarase reportaxe fotográfico do estado actual, segundo establecido no artigo 15.5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación.

c) No caso de adquisición de fincas:

- Acreditar a adquisición do predio presentando unha copia compulsada do documento público da compra

## **6. Lugar e prazo e presentación das solicitudes**

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto, sen prexuízo da súa inserción na páxina [www.depo.es](http://www.depo.es) e no taboleiro de anuncios.

O prazo para a presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará pasados 30 días naturais.

Entregaranse no Rexistro xeral da institución provincial:

- Sede: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a venres)
- Oficina de Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres)
- En calquera dos rexistros ou oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015. Así como na Sede Electrónica.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza á Deputación para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido serán inadmitidas.

## **7. Criterios para a valoración das solicitudes.**

- Número de socios (ata 20 puntos)
- Postos de traballo derivados da axuda solicitada e detallados na memoria (ata 20 puntos)
- Número de beneficiados directa ou indirectamente (ata 20 puntos)
- Volume de facturación e marxe de beneficios da cooperativa (ata 15 puntos)
- Porcentaxe de mulleres que integran os órganos reitores da entidade solicitante (ata 15 puntos)
- Investimentos en proxectos innovadores (ata 10 puntos)

## **8. Instrución do procedemento.**

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle a xefa do Servizo de Medio Ambiente, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales fará un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base sétima, e onde se explique o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS.

Posteriormente realizarase un estudo do informe-proposta da xefa do Servizo pola Comisión de valoración das solicitudes de subvención, órgano colexiado composto por:

*Presidencia:* o deputado delegado da área de Medio Ambiente

*Vogalía:* dous membros do equipo técnico do Servizo de Medio Ambiente e un membro do equipo técnico do Servizo de Intervención

*Secretaría:* un membro do funcionariado do Servizo de Medio Ambiente actuará como secretario sen voto

A Comisión de valoración poderá:

1. Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver
2. Emitir un informe con respecto ás solicitudes de subvención

A proposta de concesión das axudas someterase ó ditame da Comisión informativa de Medio e Desenvolvemento Sostible.

Finalmente, a proposta de resolución elevarase para a súa aprobación definitiva na Xunta de Goberno, segundo o disposto nas Bases de execución do orzamento provincial e á lexislación vixente.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no artigo 40 da LPACAP.

Logo de transcorridos seis meses a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución os interesados estarán lexitimados para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

## **9. Xustificación e pago das subvencións.**

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade ou investimento, sempre antes do 31 de decembro de 2017, os beneficiarios deberán xustificalas antes de 31 de marzo de 2018.

O prazo para a execución das actuacións e investimentos poderá prorrogarse ata un máximo de 3 meses, por acordo expreso do órgano competente, logo da solicitude por parte dos interesados que debe de ser previa á finalización do prazo.

Naqueles casos nos que se conceda a ampliación do prazo de execución terán tres meses para a xustificación desde o remate do novo prazo de execución.

Aprobadas as axudas, cos informes previos de Intervención, estas seranlles aboadas ós solicitantes previa xustificación das accións realizadas, que deberá desenvolverse tendo en conta o establecido no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e o

artigo 24 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, relativa á xustificación das subvencións públicas.

Os gastos xustificandos deberanse axustar ós conceptos incluídos no orzamento inicial.

Para o pago da subvención terase en conta o seguinte:

- a) No caso de que xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención
- b) No caso de que se xustifique o gasto inferior ó 100 %, aboarase a parte proporcional desta

O pago efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo perceptor.

Para cobrar a subvención os perceptores deberán presentar a seguinte documentación:

1. Conta xustificativa dos gastos asinada polo beneficiario da axuda no caso de persoas físicas ou polo representante legal da entidade no caso de persoas xurídicas, na que se determinará o custo do gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na cal se poña de relevo que os gastos que figuran nesta conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda
2. Xustificación con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando cada factura, número de unidades, prezos unitarios de estas e o custo total de cada unidade. Na factura ou certificación deberá constar o selo da empresa provedora do servizo e tamén a carta de recepción (recibín) e o conforme do beneficiario
3. Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte da Deputación da actividade ou do investimento subvencionado
4. Memoria xustificativa na que se detallen as actuacións realizadas
5. No caso de creación de novos postos de traballo (gasto non subvencionable, solo a efectos de valoración de solicitudes), achegaranse documentos TC2 dos traballadores, antes e despois de realizar o investimento
6. Xustificación dos ingresos ou do financiamento obtido para a mesma finalidade
7. Para cobrar a axuda concedida o perceptor deberá estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia (Atriga), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, situación que

determinará de oficio a propia institución provincial a través do Servizo de Intervención

## **10. Control e seguimento das subvencións.**

Os técnicos do Servizo de Medio Ambiente do organismo provincial velarán por que se cumpran as condicións que se esixen para a concesión das subvencións e para que se realicen correctamente as actuacións previstas, para o que se realizarán as inspeccións e comprobacións oportunas e se reflectirá o resultado no correspondente informe. Tamén se solicitará a información que se considere necesaria sobre os beneficiarios das axudas.

## **11. Incumprimentos e responsabilidades.**

Os incumprimentos de calquera dos requisitos esixidos nestas bases e demais normativa aplicable poderá dar lugar á existencia de responsabilidades e á devolución, no seu caso, das cantidades percibidas.

As responsabilidades anteriormente citadas esixiranse de acordo co procedemento previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, e no e o artigo 32 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación.

Así mesmo, o reintegro das cantidades efectuarase de acordo co procedemento previsto no Regulamento xeral de recadación e nos demais supostos recollidos na normativa vixente.

Logo de vencido o prazo (inicial ou prorrogado) de xustificación sinalado na base novena sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Medio Ambiente requiriralle para que a presente no prazo improrrogable de quince días (art. 70 do Regulamento de subvencións) de non presentala no prazo sinalado, dará lugar a que se inicie o expediente de anulación do correspondente compromiso.

A resolución final notificaráselles á entidade e á Intervención provincial para a súa anotación contable.

## **12. Recursos**

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, entendéndose como desestimado se transcorre este período de tempo sen recibir resposta; neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-

administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado

### **13. Dereito supletorio.**

Para o non disposto nestas bases rexerán as de execución do vixente Orzamento Xeral da Deputación, a Ordenanza Xeral de Subvencións, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, e demais normativa de pertinente aplicación.